



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE CAMARIÑAS E A ASOCIACIÓN CULTURAL SAN XORXE DE BURIA PARA O FINANCIAMENTO DAS SÚAS ACTIVIDADES DURANTE O 2025.

En Camariñas, a ... de outubro de 2025.

REUNIDOS

Dunha parte a Alcaldesa do Ilmo. Concello de Camariñas, Dona Sandra Insua Rial, na representación que ostenta en virtude dos artigos 21.1 b) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra, Don Juan Bautista Blanco Rodríguez con DNI 76364235Y que ostenta a Presidencia/representación da ASOCIACIÓN CULTURAL SAN XORXE DE BURIA G70583398, cuxa representación manifesta neste acto.

Ambos recoñécense capacidade, representación e poder suficiente para subscribir o presente convenio, polo que a tal efecto.

EXPOÑEN

O Concello de Camariñas considera de vital importancia coidar as festas patronais do municipio de Camariñas, có obxectivo de manter as tradicións e o mesmo tempo apoiar, potenciar e difundir entre toda a cidadanía unha oferta cultural diversificada que albergue o maior número posible de actividades/festas dirixidas a todos os sectores culturais.

As diferentes festas que se realizan nas distintas parroquias teñen entre os seus principais obxectivos a programación de actividades de dinamización cultural, e en particular o desenvolvemento dunha programación estable vinculada ao calendario cultural tradicional e festivo de interese xeral do municipio.

O carácter cultural se atopa entre as competencias atribuídas aos municipios no artigo 25.2.m da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e aos municipios galegos no artigo 80.2.n da Lei de Galicia , 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

Conforme o anterior quedan reflexados os obxectivos sinalados de marcado interese público e social, e o propósito de ámbalas dúas partes colaborar na consecución e logro das mesmas polo que subscriben o presente convenio con arranxo as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Que a ASOCIACIÓN CULTURAL SAN XORXE DE BURIA está interesada en recibir unha achega por parte do Concello de Camariñas co obxecto de poder sufragar parte dos gastos que implica a realización das actividades relacionadas co seu fin.

SEGUNDA.- O Concello de Camariñas leva a cabo dende hai anos unha importante labor para apoiar, potenciar e difundir entre toda a cidadanía unha oferta cultural diversificada que albergue o maior número posíbel de actividades dirixidas a todos os sectores culturais. Dentro de esta oferta vense incluíndo as subvencións as diferentes Asociacións e Comisións de Festas, co obxecto de potenciar as festas tradicionais, considerándoas patrimonio cultural.

O carácter cultural se atopa entre as competencias atribuídas aos municipios nos artigos 25.2.m da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e aos municipios galegos o artigo 80.2.n da Lei de Galicia 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.

TERCEIRA.- Que no Orzamento para o ano 2025, foi aprobado polo Pleno a concesión de diversas subvencións nominativas, e recóllese a aplicación orzamentaria para o outorgamento da subvención, a **ASOCIACIÓN CULTURAL SAN XORXE DE BURIA, por importe de 3.000,00 €** a cal articularase, atendendo ás peculiaridades da actividade a fomentar, a través do presente convenio para o patrocinio e fomento dos fins de utilidade e interese social antes comentados e de competencia de ambas entidades.

CUARTA.- Tal e como consta na consideración anterior, o Concello contribuirá ao financiamento dos gastos de organización das actividades da ASOCIACIÓN



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

CULTURAL SAN XORXE DE BURIA, cunha achega máxima de 3.000,00 €, o que representa unha porcentaxe do 100%, debendo o gasto xustificado acadar como mínimo dita cantidade.

O importe da subvención municipal farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 338.48000

Os gastos subvencionables son aqueles que se vinculen directamente á organización das actividades da ASOCIACIÓN CULTURAL SAN XORXE DE BURIA que se teñan realizado no exercicio 2025.

- Actuacións musicais: inclúense neste apartado os gastos derivados do caché dos grupos, bandas, orquestras..., así como as infraestruturas necesarias para a súa realización, tales como alugueres de escenarios, equipamentos de iluminación e son, grupos electróxicos, etc.
- Gastos de promoción das festas: campañas de publicidade en prensa e radio, realización de dípticos, cartelería, etc.
- Fogos: espectáculo pirotécnico, tracas, bombas anunciadoras das festas...

Non se financiará o funcionamento ordinario da asociación tales como subministros de enerxía, material de oficina, equipamentos ou outros gastos de carácter ordinario, tampoco os que teñan carácter de investimento (mobiliario,...), os gastos financeiros, gastos de adquisicións de bens destinados á venda, gastos derivados das atencións protocolarias (atencións persoais, trofeos, medallas, gastos en galas ou celebracións,...), gastos derivados de viaxes de ocio, gastos suntuarios.....

QUINTA.- COMPATIBILIDADE CON OUTRAS AXUDAS.

A subvención do concello é compatible con outras axudas, públicas ou privadas, que a asociación obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co importe da axuda concedida polo concello non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega do concello no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao parágrafo anterior.

SEXTA.- PUBLICIDADE



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre a colaboración do concello.

Coa xustificación achegárase os documentos acreditativos do cumprimento desta obriga.

SÉTIMA.- XUSTIFICACIÓN

O importe da subvención farase efectivo unha vez que a entidade presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, suscrita polo representante legal da entidade, indicando as actividades realizadas.
- Documentos que acrediten a efectiva realización da actividade(a título de exemplo: fotografías, facturas ...)
- Relación de gastos no que se indique acredor, NIF, data de factura e importe.
- Copia compulsada ou orixinais das facturas xustificativas dos gastos.
- No caso de facturas de importe superiores a 1.000,00€ documento xustificativo do pagamento. No resto das facturas deberá figurar na factura coma pagada, ou xustificante da transferencia.
- Documentos nos que se acredite a publicidade da colaboración do concello.
- Declaración que non se atopa en ningún dos supostos establecidos no artigo 13 da LXS ou no artigo 10 da LSG que a inhabiliten para obter a condición de beneficiario da subvención.
- Certificado ou declaración responsable de atoparse ao corrente das súas obrigas tributarias co Concello de Camariñas.
- Certificado de estar ao corrente coa facenda autonómica.
- Certificado de estar ao corrente coa facenda estatal.
- Certificado de estar ao corrente coa seguridade social.
- Declaración que non ten solicitada nin concedida ningunha outra axuda para a mesma finalidade, ou de telas, declaración das mesmas e que o importe xustificado supere o importe total das axudas concedidas e/ou solicitadas.



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

- Declaración de atoparse ao corrente do cumprimento da obriga de reintegro de subvencións.
- Unha declaración de que o custe do IVE que aparece nos documentos que presentan na xustificación non ten carácter de recuperable para a entidade beneficiaria.
- No caso de que se presenten copias das facturas, aparte de que estas deberán estar debidamente compulsadas, o beneficiario deberá presentar as facturas orixinais para que sexan seladas polo Concello onde se faga constar que a factura utilizouse para xustificar unha subvención.

Se a xustificación non alcanza a cantidade mínima necesaria para realizar o pago da cantidade concedida, esta se reducirá proporcionalmente á cantidade xustificada.

O pagamento realizarase unha vez presentada a xustificación. O prazo máximo para a xustificación será o 3 de decembro deste ano.

OITAVA.- As actividades que son obxecto de financiamento realizaranse entre o 1 de xaneiro de 2025 e o 2 de decembro de 2025

Unha vez asinado este convenio, a entidade deberá presentar a documentación xustificativa á que fai referencia a consideración sétima antes do 4 de decembro.

A falta de xustificación neste prazo dará lugar a perda da subvención e demais responsabilidades previstas na lexislación aplicable ao respecto.

NOVENA.- A entidade destinará os fondos recibidos ao pagamento de xustificantes de gasto presentados.

Toda alteración das condicións recollidas neste convenio, e en todo caso a obtención concorrente doutras subvencións, deberá ser comunicada con carácter inmediato ao concello podendo supor a modificación do convenio.

DÉCIMA.- O corpo normativo aplicable estará formado por:

- A Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- A Lei 9/2007, de 25 de xuño, de subvencións de Galicia.
- O Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003.



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

- Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- A Ordenanza Xeral de subvencións do Concello de Camariñas.
- As Bases de Execución do Orzamento do Itmo. Concello de Camariñas para o ano 2025..
- Con carácter supletorio o Dereito Administrativo.

UNDÉCIMA.- A ASOCIACIÓN CULTURAL SAN XORXE DE BURIA queda expresamente comprometida/o e coñece todo o establecido nos Títulos II, III e IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións referidas ao reintegro de subvencións, control financeiro de subvencións e infraccións e sancións administrativas en materia de subvencións.

DUODÉCIMA.- Este Convenio ten carácter administrativo.

Conforme co mesmo o asinan as persoas e no lugar e data arriba sinalados por triplicado exemplar.

A ALCALDESA DO CONCELLO
DE CAMARIÑAS

O PRESIDENTE DA
ASOCIACIÓN CULTURAL SAN XORXE
DE BURIA

Asdo: Sandra Insua Rial

Asdo: Juan Bautista Blanco Rodríguez

Anexo ao convenio no que se recollen as obrigas do beneficiario desta subvención

1.- Cumprir o obxectivo, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións de acordo coa memoria presentada.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

2.- Xustificar ante o Concello de Camariñas, o cumprimento dos requisitos e condicións, así coma a realización da actividade e o cumprimento da finalidade pola que se concedeu a subvención.

3.- Someterse ás actuacións de comprobación e control financeiro que podan realizar os órganos de control competentes, aportando canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

4.- Comunicar ao Concello de Camariñas a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto coma se coñeza.

5.- Acreditar que está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, na forma que se determine regulamentariamente, e sen prexuízo do establecido na lei 39/2015 de 1 de outubro, de procedemento administrativo común.

6.- Dispor dos libros, rexistros e/o documentos debidamente cumprimentados de acordo coa normativa aplicable ao beneficiario ou perceptor, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

7.- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto podan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

8.- Facer constar naquelas actividades subvencionadas que así o permitan, que a mesma conta coa subvención do Concello. Na publicidade impresa deberá constar o escudo e nome do Concello de Camariñas.

9.- Proceder ó reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

10.- Con carácter xeral, deberán desenvolver a actividade subvencionada no termo municipal de Camariñas.



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

11.- As persoas xurídicas deberán estar validamente constituídas e rexistradas.

Polo que se refire á xustificación dos gastos é unha das obrigas de todo beneficiario co Concello de Camariñas. Con carácter xeral, a xustificación realizarase mediante facturas orixinais ou compulsadas directamente relacionadas co obxecto da subvención, e no seu caso, correspondentes ó período para o que esta foi concedida. As facturas deberán conter os seguintes datos:

- a) Emisión á persoa ou entidade beneficiaria, con especificación do seu N.I.F. ou C.I.F., domicilio fiscal, localidade e código postal e o Departamento ou Servizo destinatario da prestación.
- b) Identificación completa do provedor ou contratista, especificando cando menos, en todo caso, a súa denominación, N.I.F. ou C.I.F., domicilio fiscal, localidade e código postal.
- c) Número de factura.
- d) Lugar e data de emisión da factura.
- e) Descrición suficiente do subministro realizado ou do servizo prestado, con detalle das unidades obxecto do servizo ou subministro, cantidade e prezos unitarios de cada unha delas, contraprestación total, tipo tributario e cota do Imposto sobre o Valor Engadido.
- f) Período que corresponda.

SOLICITUDE DA SUBVENCIÓN (ANEXO I)



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

Entidade	
CIF	
Enderezo	
Teléfono	
Enderezo electrónico	

Representante Legal	
NIF	
Enderezo	
Teléfono do representante	
Enderezo electrónico	

Declara baixo responsabilidade propia:

- Sendo coñecedores que no Pleno do día 14/04/25 se ten aprobada subvención nominativa a favor de “Asociación cultural San Xorxe de Buría”, solicitamos asinar o convenio pertinente entre “Asociación cultural San Xorxe de Buría” e o Concello de Camariñas.
- Que a entidade que represento non está incurso en ningún dos supostos que impiden obter a condición de beneficiario de subvencións, recollidos no artigo 10 da Lei 9/20007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Que os datos indicados na solicitude son certos.
- Que no caso de haber solicitado a subvención en datos anteriores, os datos que obran no expediente non sufriron modificacións.

Documentación aportada (marcar o que corresponda)

- Certificación da Axencia Tributaria e da Seguridade onde conste que o club non ten débedas e está ao corrente nas súas obrigacións tributarias.
- Autorizar ao Concello de Camariñas solicitar á Axencia Tributaria e da Seguridade onde conste que o club non ten débedas e está ao corrente nas súas obrigacións tributarias.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



- SOLICITA**

- Asinar o Convenio entre “Asociación cultural San Xorxe de Buría”, e o *Concello de Camariñas*.

Sinatura do representante

En Camariñas a

DECLARACIÓN RESPONSABLES (para a solicitude) (Anexo II)

Don/Dona.....

con NIF..... como representante legal da entidade.....

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)).



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

DECLARO:

1. Que é unha entidade sen ánimo de lucro.
2. Que o custe do IVE que aparece nos documentos que presentan na xustificación non ten carácter de recuperable para a entidade beneficiaria.
3. Que para as actividades para as que solicito a subvención, solicitáronse ademais as seguintes subvencións, referidas á tempada actual:

ORGANISMO	IMPORTE SOLICITADO	IMPORTE CONCEDIDO

Asemade, comprométome a comunicar ao Concello de Camariñas a concesión de calquera outra axuda ou subvención para a mesma finalidade.

4. Que esta entidade está ao corrente coas súas obrigas tributarias co Concello de Camariñas.
5. Que esta entidade non ten pendente fóra de prazo de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Camariñas.
6. Que en cumprimento do artigo 25 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a entidade non incumpre ningunha obriga por reintegro de subvencións.

E para que así conste, asina a persoa representante legal da entidade.

En Camariñas, a

XUSTIFICACIÓN DO GASTO REALIZADO.(Anexo III)

Ano de Concesión da Subvención	
Entidade	

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos).



Xustificantes que se aportan:

Requisitos das facturas:

- DECLARACIÓNS RESPONSABLES (para a xustificación) (Anexo IV)**

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.camarinas.net> (O código de verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)).



CONCELLO DE CAMARIÑAS
A CORUÑA

<i>Teléfono</i>	
<i>Enderezo electrónico</i>	
<i>Representante Legal</i>	
<i>NIF</i>	
<i>Teléfono do representante</i>	
<i>Enderezo electrónico</i>	

DECLARACIÓNS:

DECLARO RESPONSABLEMENTE que nin o asinante da declaración, nin a entidade á que represento, nin ningún dos seus administradores ou representantes, atópanse incursos en algún dos supostos do artigo 13 da Lei Xeral de Subvención.

DECLARO RESPONSABLEMENTE que non forma parte dos órganos de goberno ou Administración da entidade ningún membro que se atope nos supostos recollidos na Lei 53/1984 de 26 de decembro, ou tratarse de calquera dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, nos termos establecidos na mesma.

DECLARO RESPONSABLEMENTE que a entidade atópase inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións, e que as circunstancias da entidade que nel figuran respecto dos requisitos esixidos para as subvencións son en cumprimento do artigo 25 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, non ter incumprida ningunha obriga por reintegro de subvencións.

DECLARO RESPONSABLEMENTE que a entidade cumpriu con todas as obrigas que se recollen nas Bases reguladoras da subvención.

AUTORIZO ao órgano que xestione a subvención a consultar os datos que obren en poder da Administración que fosen necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

<i>Sinatura do representante</i>	<i>Camariñas a</i>
----------------------------------	--------------------